

XVIII CONFERENCIA ANUAL PLÁCIDO CASTRO

Fene, 25 de xaneiro de 2017

Plácido R. Castro e a loita pola Autonomía de Galicia

por Justo Beramendi



Depósito legal:

Maquetación: PositiBos.gal

Impresión:

Tiraxe: 500 exemplares

A impresión desta XVIII Conferencia Anual Plácido Castro contou co patrocinio do Concello de Fene

Coa coordinación de IGADI

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

<http://www.igadi.org>



XVIII Conferencia Anual Plácido Castro

Fene, 25 de xaneiro de 2017

Plácido R. Castro e a loita pola Autonomía de Galicia

por Justo Beramendi

Índice

Presentación	7
Plácido R. Castro e a loita pola Autonomía de Galicia, por Justo Beramendi	9
Anexos	27
Breve esbozo biográfico.....	49
A Fundación Plácido Castro	51

Presentación

Amigas e amigos,

Boa noite e moitas grazas por partillar con nós esta décimo oitava edición da conferencia anual "Plácido Castro" que, nesta ocasión, correrá por conta do catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, Justo Beramendi e que versará sobre "Plácido R. Castro e a loita pola Autonomía de Galicia".

En nome propio e no da corporación que presido, quero agradecerlle á Fundación Plácido Castro e a Justo Beramendi que pensaran no noso Concello para organizar esta conferencia e polo seu incansable labor de achegarnos ao pensamento deste galeguista, liberal democrata, pacifista e progresista, e cunha considerable sensibilidade social que o levou a reivindicar unha praxe política fundamentada no concepto de Galicia como unha identidade de seu e diferenciada da contorna inmediata polo celtismo e polo dificilmente definible concepto de saudade.

Desde o punto de vista político, Plácido Castro encádrase nun galeguismo nacionalista que nos anos 30 foi aproando á esquerda. Se ben nun primeiro momento defendeu as alianzas do Partido Galeguista con outras forzas para defender o Estatuto, finalmente as súas teses decantábanse por un avance en solitario, de base social e a prol dunha carta autonómica máis ambiciosa.

Agardamos que esta conferencia contribúa para difundir en Galicia os mesmos ideais que vertebraron a súa concepción da vida, da política e das relacións humanas, impulse a divulgación do seu pensamento e nos anime ao desenvolvemento de accións prácticas conducentes a unha maior e mellor inserción de Galicia no mundo.

Juventino Trigo Rey
Alcalde de Fene

PLÁCIDO R. CASTRO E A LOITA POLA AUTONOMÍA DE GALICIA

Por Justo Beramendi

Antes de entrar en materia debo dicir que é para min un motivo de fondo agradecemento que a Fundación Plácido Castro me invitase a participar na súa actividade conmemorativa anual que hoxe celebramos na Casa da Cultura de Fene grazas á hospitalidade do seu Concello.

A CUESTIÓN NACIONAL NA ANTESALA DA REPÚBLICA

A natureza plurinacional do Estado español foi adquirindo corpo nas primeiras décadas do século XIX, en parte como consecuencia do chamado Desastre de 1898, en parte pola maduración dos movementos precursores dos nacionalismos subestatais en Cataluña, Euskadi e, en menor medida, Galicia.

A primeira creba da unicidade nacional española comezara en 1901-1907 en Cataluña. A perda das últimas colonias de valor en 1898 propiciou o cambio de referente nacional dunha parte importante da burguesía catalá, que nos anos seguintes puxo a súa influencia e os seus recursos ao servizo dun rexionalismo que simultaneamente mutou en nacionalismo. O primeiro froito chegou nas eleccións xerais de 1901 cando a candidatura catalanista chamada “dos catro presidentes” (do Fomento del Trabajo Nacional, da Liga de Defensa Industrial y Comercial, do Ateneo de Barcelona e da Lliga Regionalista) copou a representación do distrito de Barcelona, na que foi primeira derrota plena dos partidos oficialistas dende o comezo da Restauración en 1874. O segundo e definitivo golpe ao sistema en Cataluña foron as eleccións de 1907, nas que a Solidaritat Catalana, unha coalición de republicanos, tradicionalistas e nacionalistas encabezada pola Lliga, obtivo 41 dos 45 deputados que Cataluña enviaba ao Congreso. A partir de aquí o na-

cionalismo catalán hexemonizou a política catalá sen interrupción até a Guerra Civil e impulsou un proceso de nacionalización alternativo dende a prensa, as asociacións civís e as institucións, nomeadamente dende a Mancomunitat creada en 1914. Así naceu a nación catalá como realidade sociopolítica maioritaria e non só como proxecto do nacionalismo correspondente. Porén, a composición interna dese nacionalismo cambiará moito á altura de 1930. A colaboración da conservadora Lliga co Estado español nos anos vinte para combater o movemento obreiro fixolle perder apoios sociais mentres o conxunto do nacionalismo os gañaba, de modo que no abrente da República a forza maioritaria pasou a ser unha coalición de esquerda, con algún compoñente independentista: a Esquerra Republicana de Catalunya.

A fundación do Partido Nacionalista Vasco en 1895, sobre bases ideolóxicas inicialmente católico-traditionalistas e separatistas, foi o primeiro paso doutro proceso de nacionalización alternativa que progresou con dificultades nas primeiras décadas. Se ben o nacionalismo vasco, ao contrario que en Cataluña, non conseguiu a hexemonía política no seu territorio, nos anos trinta a sociedade vasca estaría xa fondamente escindida en dúas lealdades nacionais moi enfrontadas entre si.

O nacionalismo galego, nado en 1918 no seo das Irmandades da Fala e cun programa de federalismo radical e de democratización e galeguización completa, non foi quen de impulsar un movemento sociopolítico potente na última etapa da Restauración a causa tanto da ineficiencia do modelo organizativo das Irmandades como das discrepancias tácticas entre o sector católico-traditionalista e o demócrata filo-republicano. Porén, pasada a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1929), coñeceu unha vizosa reactivación en numerosos grupos locais de tamaño desigual, nomeadamente nas provincias de Pontevedra e Ourense. Salientaban o Grupo Autonomista Galego de Vigo, o Partido Galeguista de Pontevedra e a Irmandade de Ourense (logo Partido Nacionalista Republicán de Ourense), os tres con numerosas filiais en vilas das súas respectivas áreas de influencia. Nas provincias de Coruña e Lugo ese rexurdimento viuse debilitado pola converxencia previa da poderosa Irmandade da Coruña, a máis grande e mellor organizada de

todas, co grupo republicano de Santiago Casares Quiroga para formar en 1929 a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), partido autonomista pero non nacionalista.

En todo caso, cando chega a Segunda República en abril de 1931, a existencia destes tres nacionalismos, especialmente dos dous primeiros, situaba a cuestión nacional e o seu corolario, a distribución territorial do poder no novo Estado, nun dos primeiros postos da axenda política. Neste asunto había algo que estaba moi claro para todos os partidarios do novo réxime (non así para as dereitas españolas): a continuidade do vello centralismo que caracterizara ininterrompidamente á monarquía parlamentaria española dende 1812 era imposible. Outra cousa era qué tipo de descentralización contemplaría a nova Constitución. Naturalmente, o nacionalismo galego, conforme ao seu programa fundacional, optaba por unha República Federal, isto é, por un Estado galego federado e cun nivel moi alto de autogoberno. Esta era tamén, en principio, a opción da maioría do nacionalismo catalán e dunha parte, de magnitude por descubrir, do republicanismo español.

A PRIMEIRA FASE DO PROCESO AUTONÓMICO (1931-1933)

Os movementos pro-autonomía comezaron moi cedo en Galicia, mesmo antes das eleccións a Cortes Constituíntes. O sector ex-nacionalista da ORGA (Antón Villar Ponte e Lois Peña Novo) organizou o 4 de xuño de 1931 unha asemblea na Coruña aproveitando que Casares Quiroga estaba moi ocupado en Madrid como membro do goberno provisional. Presentáronse dous textos nacionalistas (o proxecto elaborado no seo do Seminario de Estudos Galegos e as Bases de Labor Galeguista de Pontevedra), unhas Bases feitas polos convocantes e moi semellantes ao texto do SEG co que coincidía no suposto dunha República Federal, unha proposta rexionalista do Secretariado de Galicia en Madrid e algunhas outras iniciativas de menor entidade. Finalmente a asemblea aprobou un proxecto que coincidía en todo o importante co presentado pola ORGA. Parecía que o proceso para dotar a Galicia de autonomía política arrancaba con forza. Pero axiña houbo indicios de que a cousa podía non ser doada. O dato máis preocupante para os

nacionalistas foi o rápido cambio de actitude da ORGA, o partido con máis poder real na Galicia do momento porque controlaba os gobernos civís e as comisións xestoras das Deputacións Provinciais nomeadas polo goberno, que deixou o asunto aparcado so pretexto de que había que preparar as inminentes eleccións a Cortes Constituíntes e que era lóxico agardar á aprobación da Constitución para seguir adiante.

As eleccións de 28 de xuño foron un triunfo para a ORGA (que pouco despois pasou a denominarse Partido Republicano Gallego) e deron resultados relativamente bóis para o nacionalismo, tendo en conta as circunstancias. A Candidatura Galeguista obtivo un escano para Castelaio en Pontevedra e o PNRO outro para Otero Pedrayo en Ourense, aos que cabía sumar os de Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo conseguidos na Coruña dentro das listas da ORGA. Naturalmente os catro acudían a Madrid a loitar pola República Federal.

Na elaboración, debate e aprobación da Constitución (xullo-décembro de 1931) axiña ficou claro algo do que xa había indicios anteriores: o ascenso dos nacionalismos catalán e vasco nas décadas anteriores contribuíra a modificar as actitudes das forzas políticas de ámbito español verbo do modelo de Estado máis desexable, e nomeadamente as das que máis importaban agora, pois eran as que sostiñan o goberno: republicanos e socialistas. O federalismo fora perdendo terreo dentro do conxunto dos republicanos, e a isto probablemente non foron alleos tanto o reforzamento xeral do organicismo na concepción da nación española pola influencia omnipresente do rexeneracionismo como sobre todo a perigosa perspectiva de que dous territorios tan fundamentais para España puidesen ser gobernados por senllos nacionalismos subestatais cos altísimos niveis de poder propio que prevían os proxectos federais de 1873 e 1883. E a isto había que engadir no caso vasco o agravante de que o nacionalismo en cuestión mantiña unha ideoloxía teoricamente separatista, amén de confesional e retrógrada, isto é, radicalmente incompatible coa democracia republicana. De aquí o maioritario rexeite a que o País Vasco puidese converterse nese “Gibraltar vaticanista” que denunciaba o socialista Indalecio Prieto. Non é sorprendente, pois, que no republicanismo dominasen dúas actitudes, a unitarista e claramente hostil a eses

nacionalismos, encarnada no Partido Republicano Radical de Alejandro Lerroux pero compartida tamén por outras formacións republicanas, e a máis tolerante coa España plurinacional, propia dos republicanos que, sen ser federalistas, situábanse á esquerda dos lerrouxistas, como a Acción Republicana de Manuel Azaña ou o Partido Republicano Radical-Socialista.

Non obstante, a tolerancia destes partidos tiña uns límites políticos moi claros: estaban dispostos a conceder algún autogoberno aos territorios cun nacionalismo subestatal forte, pero sempre que o poder central conservase os mecanismos de control precisos para corrixir calquera posible desviación independentista, presente ou futura. Dito doutro modo, sempre que a soberanía non fose compartida senón que continuase íntegra no centro do sistema. Este era o verdadeiro sentido da fórmula que o Partido Republicano Radical-Socialista incluíra no seu Ideario, aprobado en setembro de 1930: "Autonomía de las regiones naturales tan amplia como su desenvolvimiento y capacitación política lo permita".

O PSOE mantíña nisto unha postura moi similar á dos republicanos autonomistas. Se ben non manifestaba unha oposición programática ao federalismo, a cuestión nacional non figuraba entre as súas principais preocupacións nin era esa a vía que prefería para a articulación do Estado español. De feito no seu Congreso Extraordinario de 7-11 de xullo de 1931, atendendo os argumentos de Fernando de los Ríos e doutros, rexeitou a proposta a prol dunha República federal presentada polos delegados de Valladolid co apoio dos de Cataluña e acordou apoiar as reivindicacións autonomistas pero sen pronunciarse sobre a forma concreta de Estado.

Resumindo, mentres se debatía a Constitución, as únicas presións fortes a favor dunha descentralización radical chegaban de Cataluña e do País Vasco. No resto, incluída Galicia, só había, no mellor dos casos, tibias manifestacións autonomistas e no peor indiferenza ou hostilidade. E no Congreso dos Deputados as posturas federalistas eran moi minoritarias. O exemplo da Constitución de Weimar de 1919, convenientemente adaptado á baixa, forneceu unha saída intermedia entre o modelo centralista de sempre, que resultaba inviable daquela, e o federal, que a maioría

rexeitaba. O propio Luis Jiménez de Asúa, na súa presentación do proxecto ao pleno da cámara, deixaba clara esta vontade de equidistancia entre os dous vellos polos antitéticos, que el declarou en crise e inviables. No seu lugar propoñía un novo modelo que pretendía combinar equibradamente a descentralización política coa unidade nacional. Era o “Estado integral, compatible con la autonomía de los Municipios y las Regiones”. Aquí a verba “integral” tiña, como imos ver, uns contidos moi diferentes dos da autonomía do mesmo nome que viñan reivindicando dende moito antes os nacionalistas cataláns e galegos.¹ Vexamos en qué consistía o invento.

Unha cuestión fundamental en todo modelo de Estado é a do suxeito ou suxeitos de soberanía ou, falando en prata, a de *quén decide qué*. A opción que se elixa neste asunto condiciona o organigrama básico. No modelo centralizado ou unitario hai un único suxeito de soberanía, que é a nación de referencia, ou suma de tódolos cidadáns con dereitos políticos plenos. Xa que logo, non hai soberanías compartidas verticalmente senón unha soa capacidade de decisión que se distribúe horizontalmente no cumio do sistema entre os diferentes órganos máximos de poder (lexislativo, executivo, xudicial). No modelo autenticamente federal, na orixe (real ou teórica) do sistema hai varios suxeitos previos que ceden unha parte da súa soberanía orixinaria na federación, pero reteñen a outra parte. Hai polo tanto unha distribución vertical (territorial) da capacidade de decisión, á parte da distribución horizontal (dimensional) que ademais se repite nos dous chanzos (Estado federado e Federación).

Disto isto, ¿ónde cabe situar o Estado deseñado na Constitución aprobada o 9 de decembro de 1931? Neste texto só atopamos un suxeito de soberanía: a nación española (aínda que preferentemente chamada “pueblo”), representada polo Congreso dos Deputados e o Presidente da República. Isto ponse claramente de manifesto en varias características: a capacidade suprema de decisión en tódolos ámbitos residía sempre nos órganos centrais do sistema, mesmo aínda que existisen autonomías; non se declaraba extinguido o centralismo senón que a planta terri-

1 Vid. Luis Jiménez de Asúa, *Proceso histórico de la Constitución de la República española*, Madrid, Ed. Reus, 1932, pp. 54-58.

torial básica “por defecto” do Estado era a de sempre, pois municipio e provincia seguían a ser os seus entes ordinarios, se ben se introducía a posibilidade de cambiála pero só naquelas “rexións que se constituyan en réximen de autonomía” (art. 8) mediante a unión de “una o varias provincias limítrofes, con características históricas, culturais y económicas comunes” (art. 11), para o que se lles esixía que demostrasen ter unha forte vontade autonomista.² En todo caso, aínda cumprindo os duros requisitos establecidos, que facían case obrigatoria a fraude electoral nos referendos para sacalos adiante, a facultade de conceder a autonomía residía sempre no legislativo central. Tamén a de limitar mediante leis básicas a capacidade legislativa delegada nas rexións (art. 19), ou a de pasar por riba das competencias transferidas utilizando a facultade regulamentaria sempre que o executivo central o estimase conveniente.³

Que a autonomía era entendida dun modo radicalmente diferente á concepción propia do federalismo revelábase tamén na inexistencia dunha segunda cámara para a articulación territorial e na prohibición expresa de que as rexións autónomas puidesen federarse (art. 13) e de que calquera norma rexional introducíse “diferencia de trato entre los naturales del país y los demás españoles”. A visión nacionalmente unitaria que latexaba en todo o articulado manifestábase tamén simbolicamente tanto na terminoloxía (nación/rexións) como no feito de que o art. 4 re-

2 “Art. 12. Para la aprobación del Estatuto de la región autónoma se requieren las siguientes condiciones:

- a) Que lo proponga la mayoría de sus Ayuntamientos o, cuando menos, aquellos cuyos Municipios comprendan las dos terceras partes del Censo electoral de la región.
- b) Que lo acepten, por el procedimiento que señale la ley Electoral, por lo menos las dos terceras partes de los electores inscritos en el Censo de la región. Si el plebiscito fuera negativo, no podrá renovarse la propuesta hasta transcurridos cinco años.
- c) Que lo aprueben las Cortes.

Los Estatutos regionales serán aprobados por el Congreso siempre que se ajusten al Presente Título y no contengan, en caso alguno, preceptos contrarios a la Constitución, y tampoco a las leyes orgánicas del Estado en las materias no transmisibles al poder regional, sin perjuicio de la facultad que a las Cortes reconocen los artículos 15 y 16”.

3 “Art. 20 [...] El Gobierno de la República podrá dictar Reglamentos para la ejecución de sus leyes, aun en los casos en que esta ejecución corresponda a las autoridades regionales”.

petise case literalmente o art. 8 do proxecto de Primo de Rivera, o primeiro na historia constitucional española que declarou o castelán idioma oficial do Estado, ao que agora se engadía que era de obrigado coñecemento para todos, sen prexuízo dos dereitos que se puidesen recoñecer a outras linguas.⁴ Nesta mesma vea, fixébase, tamén por primeira vez, a composición da bandeira.

Verbo do reparto de competencias, o art. 14 establecía as 18 materias “de exclusiva competencia del Estado español” (como se as rexións autónomas non fosen parte do Estado) en lexislación e execución directa.⁵ O art. 15 enumeraba 13 materias das que podería cederse a execución ás rexións autónomas, “en la medida de su capacidad política, a juicio de las Cortes”, apostila que mesmo era humillante.⁶ E o art. 16 establecía por exclusión, e sen enumeralos, os ámbitos competenciais nos que as rexións terían capacidade lexislativa e executiva directa se estaban contemplados expresamente nos seus Estatutos. Un repaso ás dúas notas precedentes indicanos que as posibilidades que quedaban eran: cultura, vivenda e urbanismo, desenvolvemento da lexislación básica sobre actividades económicas, comunicacións e orde público intrarrexional e unha parte do dereito civil se na rexión había tradición propia nese eido. Na cuestión fundamental do sistema educativo, o poder central apenas cedía nada. Os ensinos primario, secundario e universitario oficiais eran os estatais e só se permitía ás rexións autónomas que establecesen en paralelo redes propias de centros que, en realidade, tiñan a consideración de privados, pois o seu alumnado debería convalidar os estudos mediante exames nos centros oficiais.

4 “Art. 4. El castellano es el idioma oficial de la República.

Todo español tiene obligación de saberlo y derecho de usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de las provincias o regiones. Salvo lo que se disponga en leyes especiales, a nadie se le podrá exigir el conocimiento de ninguna lengua regional”.

5 As principais eran: dereitos e deberes constitucionais, política relixiosa, relacións exteriores, defensa, fronteiras, orde público en conflitos suprarrexionais, Facenda estatal, comercio exterior e aranceis, moeda e sistema bancario, réxime xeral de comunicacións e pesca marítima.

6 Lexislación penal, social, mercantil, procesal e civil; notariado, rexistros e seguros; minas e normas básicas en agricultura, sanidade, comunicacións e outras.

Está claro que, se ben o Estado integral constituía un avance descentralizador notable nun país cunha tradición constitucional tan centralista, as autonomías previstas ficaban moi por baixo, non só das aspiracións dos nacionalismos subestatais non separatistas, senón tamén dos proxectos anteriores do índole federalista do propio nacionalismo español. O medo a que eses nacionalismos negadores da nación española utilizasen a federación como antesala da separación, inexistente ou moito menos xustificado no século XIX, cobrábase agora a súa factura. En todo caso estas eran as regras do xogo contidas nunha Constitución que foi aprobada con 368 votos a favor e a oposición implícita de 89 deputados ausentes, grupo este que englobaba as dereitas española, catalanista e vasconavarra.

Durante estes meses, Plácido Castro, que retornara a Galicia en 1930 e ingresara nas Irmandades, contribuía dende a prensa á loita pola autonomía.⁷ Tamén participou no proceso de converxencia de todos os grupos nacionalistas, necesario para dotar a esa loita dun instrumento forte e eficaz. E así, asistiu en decembro á fundación en Pontevedra do Partido Galeguista. O feito de que nesa asemblea fose elixido vocal do órgano de dirección indica que os seus compañeiros xa lle consideraban unha das novas promesas do nacionalismo galego.

Entre tanto, os deputados nacionalistas se integraran dende xullo xunto cos da ORGA-PRG na Minoría Gallega do Congreso. Como o proxecto de Estatuto aprobado o 4 de xuño en Coruña resultaba incompatible coa constitución aprobada, redactaron outro adaptado e o entregaron ás Deputacións para que o distribuísen entre os concellos con vistas á preceptiva asemblea de municipios.

Aínda que a autonomía posible dentro do Estado Integral quedaba moi por baixo do nivel de autogoberno á que aspiraba o nacionalismo galego, o recen nado Partido Galeguista considerou

7 Vid., por exemplo, o seu artigo en *El Pueblo Gallego* (7-XI-1931), "Enseñanzas irlandesas. El centralismo desmoralizador", onde afirma que as loitas intestinas de Irlanda, consecuencia da acción imperialista de Gran Bretaña, nada teñen que ver coa situación de Galicia e polo tanto non se poden usar para predicir males en caso de que chegue a autonomía.

que mellor era iso que nada e centrou dende o principio os seus esforzos en conseguila para Galicia. Por iso, en vista de que o proxecto dos parlamentarios durmía o sono dos xustos nos caixóns provinciais, dirixiuse en xaneiro aos presidentes das catro Deputacións preguntando qué pasaba co proxecto que se lles entregara na Coruña, pois nin fora trasladado aos concellos nin publicado para que o pobo opinase. E ofrecíase a axudar na organización da asemblea de municipios. Só contestaron o presidente da Deputación de Ourense, prometendo reunir á corporación para que se pronunciase, e o da de Pontevedra anunciando unha próxima reunión das deputacións, reunión que no mes de maio seguía sen celebrarse. Pola súa parte, en febreiro, Ramón Suárez Picallo e Antón Villar Ponte intentaron sen resultados que a Minoría Gallega do Congreso fixese da autonomía o seu obxectivo político fundamental.

Pero outras xestións, máis persoais, acabaron dando froito, concretamente no seo da corporación municipal compostelá. Atendendo á petición de Castela, o concelleiro conservador e avogado Enrique Rajoy Leloup (avó de Mariano Rajoy Brey) propuxo o 19 de marzo ao Concello de Santiago que este convocase á asemblea de municipios galegos prevista na Constitución. Rajoy, consciente de que era mellor eludir os argumentos nacionalistas (el tampouco o era) se quería convencer aos seus compañeiros, entre os que non había ningún galeguista, poñía o exemplo das previsibles vantaxes económicas que a autonomía ía ter para Cataluña, especialmente en materia tributaria. E Galicia, segundo Rajoy, non podía deixar pasar esa oportunidade, tiña que superar unha impasibilidade "depresiva y suicida". Co apoio do alcalde, o republicano Raimundo López Pol, e doutros concelleiros como o líder obreiro José Pasín Romero, a proposta foi aprobada vencendo as reticencias de boa parte da corporación. Por suxestión do alcalde, e como primeiro paso, formouse unha comisión encargada de xestionar unha reunión de representantes de concellos e forzas políticas, previa á preceptiva asemblea municipal.

López Pol organizou unha reunión de forzas vivas (políticos, sindicalistas, empresarios e intelectuais), que tivo lugar en Santiago o 29 de maio. Presidida polo alcalde, asistiron, amén da comisión organizadora, membros da Cámara de Comercio, da Caixa de Aforros, do Seminario de

Estudios Galegos e da sección compostelá da Federación Universitaria Escolar, representantes de diferentes partidos e algúns deputados, como o socialista José Mareque, o casarista e rector Rodríguez Cadarso e os nacionalistas Castelao e Otero Pedrayo. Todos, con diferentes matices, manifestáronse a favor de seguir adiante e celebrar a asemblea preparatoria en Santiago.

Finalmente esta tivo lugar o domingo 3 de xullo no Paraninfo da Universidade. Asistiron deputados, alcaldes, dirixentes do PRG, unha numerosa representación do PG, algún membro do PSOE como o exirmandiño Xaime Quintanilla, algúns conservadores como o avogado e deputado José Reino Caamaño, persoeiros independentes que participaran dende o principio no proceso como Rodrigo Sanz, e representacións corporativas. Decidiuse nomear unha comisión que redactase un novo texto pero tendo conta os anteriores e tamén o Estatuto de Cataluña. Presidida polo vello rexionalista Salvador Cabeza de León (nesa altura presidente do SEG), os seus verdadeiros motores foron Enrique Rajoy como secretario e Alexandre Bóveda. Aprobouse tamén a proposta de regulamento da Asemblea de Concellos.

A comisión redactora acabou os seus traballos o 4 de setembro. O texto someteuse a información pública para que se puidesen presentar emendas até o 29 de setembro. Recibíronse só unhas cincuenta, malia o esforzo de difusión feito. Bastantes eran limitadoras do autogoberno e outras non moi favorables a unha auténtica cooficialidade do galego, o que indica que galeguismo e autonomismo non eran precisamente actitudes maioritarias entre as forzas vivas da sociedade galega do momento.

Nese ano de 1932 Plácido Castro prodigouse na prensa para argumentar a necesidade de que Galicia non quedase atrás respecto de Cataluña e País Vasco e a conveniencia de superar as diferenzas partidistas e localistas, criticar o abandono do seu autonomismo inicial por parte do PRG, eloxiar a actitude Manuel Azaña en defensa do Estatuto catalán, avisar de que se estaba deixando pasar o momento máis favorable para conseguir a autonomía para Galicia ou refutar aos que predicían na Galicia autónoma un reforzamento do caciquismo ou a desaparición da razón de ser

do nacionalismo.⁸ Por outra parte, na II Asemblea do PG (Santiago, 10-11 de decembro de 1932), co gallo da preceptiva renovación do Consello Executivo e da Secretaría Executiva, ascendeu de simple vocal do primeiro a entrar no cumio do partido ocupando a Secretaría de Organización, en substitución de Alexandre Bóveda que pasou á Secretaría Xeral. A partir de aquí tivo nas súas mans o órgano decisivo para a consolidación e o crecemento do nacionalismo, instrumento clave na consecución da autonomía. E polos resultados conseguidos tanto nunha cousa como na outra fíxoo francamente ben.

Volvendo ao proceso autonómico, unha vez rematado o prazo de audiencia pública, o 1 de novembro convocouse a asemblea de concellos para os días 17 a 19 de decembro de 1932 no salón de actos da Facultade de Medicina de Santiago. Foron dous días de intensos debates nos que custou moito salvar discrepancias ás veces moi fondas, incluído o asunto da capitalidade, suscitado por A Coruña. Plácido Castro, en nome do PG, presentou unha emenda ao art 1º que dicía: "A nación galega orgaízase autonómicamente dentro da República Hespáñola con arreglo ao presente Estatuto" e retirouna inmediatamente porque só tiña por misión fixar a posición do seu partido, isto é, deixar moi claro que para os galeguistas Galicia era unha nación de seu, e non unha rexión da nación española, aínda que aceptasen o corsé constitucional en ben de chegar a un consenso final, ao que efectivamente se chegou o día 19. Votaron a favor do texto nese momento (despois sumárianse máis municipios) 176 concellos, que comprendían máis de dous millóns de habitantes e 444.785 electores dos 559.087 que figuraban daquela no censo electoral. Polo tanto, sumaban a maioría absoluta dos concellos e máis dos dous terzos do censo. Estaba cumprido o primeiro trámite previsto no art. 12 da Constitución. Agora só quedaba o referendo.

Porén, o goberno foi adiando a súa convocatoria ao longo de 1933 cun pretexto ou con outro, probablemente porque non consideraba politicamente conveniente que Galicia accedese a au-

8 Vid., entre outros, os seus artigos en *El Pueblo Gallego*, "Urgencia de la Autonomía" (15-V-1932), "Falta de oportunidad" (4-VI-1932) e "Porvenir del galleguismo" (15-XI-1932); e en *A Nosa Terra*, "Encol do noso universalismo" (nº 295, 25-VII, p.4).

tonomía antes que o País Vasco, que tiña o seu proxecto bloqueado no Congreso por insconstitucional. O PG denunciou arreo estas demoras, ao seu xuízo inxustificadas, e centrou os seus ataques no PRG e no seu líder Santiago Casares Quiroga, ministro do goberno, por consideralo principal responsable. Plácido Castro participou moi activamente nesta campaña usando exemplos internacionais en apoio dos seus argumentos, identificando autonomía con democracia e refutando que o Estatuto fose un resultado do sectarismo nacionalista.⁹ Incluso pareceu adiviñar o xiro que ía dar a situación política meses despois, e a posterior deriva á esquerda a que se verá obrigado o PG, cando afirma que a autonomía “es hoy una causa izquierdista”, polo que loitar por ela era o mesmo que combater á reacción.¹⁰

Pero a autonomía de Galicia tamén podía defenderse no ámbito internacional. No verán de 1933 o Consello Executivo do PG aprobou representar a Galicia no Congreso das Minorías Nacionais, unha organización que agrupaba ás nacións que, por carecer de Estado, non podían formar parte da Sociedade de Nacións. Plácido Castro era o secretario relativamente especializado nas mareas relacións internacionais do PG e como tal asistiu en setembro ao IX Congreso, feito que, fóra de elevar algo a propia autoestima das hostes galeguistas, non trouxo beneficios tanxibles para o nacionalismo galego, como xa previra o fino olfato político de Cambó.

Convocadas as eleccións xerais para novembro, o PG celebrou unha Asemblea Extraordinaria o 21 de outubro 1933 en Santiago co fin de fixar a súa actuación na campaña e elixir os candidatos. Nesta elección púxose claramente de manifesto que os demócratas tiñan xa un claro predominio sobre os católico-traditionalistas dentro do partido. E probablemente para equilibrar algo as candidaturas e desactivar tensións, os elixidos Alexandre Bóveda e Plácido R. Castro renuncia-

9 Vid. os seus artigos en *El Pueblo Gallego*: “Autonomía y democracia” (8-IV-1933); “Un referéndum y unas elecciones” (29-IV-1933) no que utiliza o feito de que os cidadáns de Australia Occidental acababan de votar separarse da Federación Australiana por sentirse discriminados para reforzar os argumentos en contra del centralismo; e “Estatuto y nacionalismo” (17-VIII-1933).

10 “La conveniencia de celebrar el plebiscito”, *El Pueblo Gallego*, 6-V-1933.

ron a ser candidatos alegando incompatibilidade coa dedicación que esixían os seus cargos orgánicos. Gracias a estas renuncias, Otero Pedrayo puido competir de novo polo PG na provincia de Ourense.

A SEGUNDA FASE: A CONXELACIÓN DURANTE O BIENIO NEGRO (1933-1936)

Como ben sabemos, as eleccións de novembro de 1933 trouxeron un cambio radical na situación política. As dereitas, ben reorganizadas na CEDA, xunto coa extrema dereita de Renovación Española e o centro-dereita do Partido Republicano Radical de Alejandro Lerroux gañaron con claridade a unhas esquerdas desgastadas e divididas polos conflitos do primeiro bienio republicano. En Galicia, tamén. O PG, que competiu sen aliados por manter a súa equidistancia, perdeu os deputados que tiña. Porén, algúns datos non foron tan negativos. Os seus candidatos máis votados recolleron máis de 100.000 votos entre as catro provincias, triplicando as cifras conseguidas en 1931, se ben hai que ter en conta que o censo electoral se duplicara pola incorporación das mulleres. E nas provincias da Coruña e Pontevedra superou amplamente ao PSOE, co que demostrou ser un sumando necesario nunha posible coalición para gañar ás dereitas en Galicia.

En todo caso, o crecemento e fortalecemento do partido resultaba agora máis necesario que nunca e nisto era clave a Secretaría de Organización. A III Asemblea (Ourense, 13-14 xaneiro de 1934), que incorporou ao exdeputado Castelao á Secretaría Política, recoñeceu o bo facer de Plácido Castro confirmándoo na de Organización, posto que seguiría ocupando até a Guerra Civil. No seu informe nesa reunión, malia os avances evidentes na construción do partido, amosouse insatisfeito. Segundo el, os progresos serían moito maiores “si as Segredarías e as Seicións tiveran funcionado con máis aitividade e dilixencia e si os Grupos xa constituídos colaborasen con máis entusiasmo”, pois moi poucos grupos nomearan o irmán encargado das relacións co Consello como se acordara na II Asemblea, malia os avisos reiterados, e tampouco non cumpriran a

maior parte do programa de actividades aprobado.¹¹

E realmente todo esforzo organizativo ía ser pouco. O trazo autoritario e claramente anti-autonomista dos gobernos radical-cedistas instalados en Madrid conxelou a tramitacións dos estatutos vasco e galego. E unha vez esmagada a chamada revolución de Asturias de outubro de 1934, aproveitaron a ocasión para, amén de suspender a autonomía catalá, reprimir a todos os nacionalismos subestatais, participaron ou non nos feitos. No caso do PG, o goberno intentou descabezalo desterrando a Alexandre Bóveda a Cádiz e a Alfonso Castelao ao Badajoz.

Estaba claro que, como xa dixera Plácido Castro no seu momento, a única vía para conseguir a autonomía de Galicia pasaba por unha alianza coas esquerdas españolas que volvese a cambiar o signo político do goberno central. Así o entendeu a dirección do PG que, con Bóveda e Castelao á cabeza, decidiu abandonar a equidistancia “centrista” coa que se garantira a paz interna e iniciar unha viraxe cara a esquerda, aínda que iso soliviantase ao sector católico, por outra parte cada vez máis en minoría. A decisión formal de procurar unha posible alianza electoral coa Izquierda Republicana de Manuel Azaña (resultado recente da fusión de Acción Republicana, Partido Republicano Gallego e unha parte dos radical-socialistas) adoptouse, non sen forte oposición dos católicos encabezados por Otero Pedrayo, na IV Asemblea (Santiago, 20-21 abril de 1935), o que provocou uns días despois a escisión da minúscula Dereita Galeguista de Pontevedra de Filgueira Valverde.

Nesa xuntanza, Plácido Castro, ademais de aliñarse coa esquerda do partido nesta cuestión fundamental e noutras,¹² informou minuciosamente da súa actuación como responsable das rela-

11 *Memoria que o Consello presenta a III Asamblea do Partido*, mecanografiado. 6 pp. holandesa. Nadal de 1933. Fundación Penzol-FondoVillar Ponte.

12 Por exemplo, en relación coa proposta do Grupo Galeguista da Coruña de que o PG fixese un estudio axeitado sobre a situación da industria e dos traballadores urbanos que permitise unha boa propaganda nos centros industriais. Suárez Picallo apoiouna como un medio de atraer as masas obreiras ao partido. Curiosamente, esta vez as reticencias non

cións internacionais do PG dando conta das accións en solidariedade con vascos e cataláns; da recepción feita en Compostela a membros do Partido Nacionalista de Gales; das xestións fallidas para resolver as diferenzas entre os galeguistas de Buenos Aires, aínda que tanto a Federación de Sociedades como a Organización Nacionalista continuaban apoiando ao PG; e da constitución do Consello de Galeuzca en Galicia integrado polo PG, Ulteyra e a Federación de Mocedades Galeguistas, se ben advertiu lúcidamente que Galeuzca non podería dar moitos froitos mentres o nacionalismo galego non tivese deputados en Madrid. Tamén comunicou aos presentes que non se puido asistir á sesión anual do Congreso das Minorías Europeas debido ao alto custo da viaxe, polo que houbo que limitarse a enviar unha adhesión escrita que foi lida alí. Posteriormente, tamén foi enviada unha denuncia pola persecución sufrida co gallo dos sucesos de outubro.¹³

A deriva de Plácido Castro cara a esquerda non se limitou á súa postura nos debates internos, senón que tamén a fixo pública e nuns momentos en que isto entrañaba certos riscos. Aí está o artigo en que louva a evolución socialdemócrata do marxismo e pon o cooperativismo dos laboristas británicos como exemplo a imitar.¹⁴

A CULMINACIÓN DO PROCESO

Como sabemos o PG formalizou a súa alianza con Izquierda Republicana a finais de 1935 e por esa vía entrou no Frente Popular en xaneiro de 1936, malia que non se lle concedeu nas candida-

viñeron dos ourensáns senón de alguén da dirección, do propio Xerardo Álvarez Gallego, quen despachou o asunto displicentemente lembrando que no programa do partido xa había “puntos e solucións para moitos deses problemas dende un punto de vista galego”. Ao cabo, grazas a insistencia de Suárez Picallo, Plácido Castro e Víctor Casas, o carpetazo foi alomenos cortés pois se acordou que o novo comité de estudos, creado na asemblea, fixese un “estudio meditado da cuestión”. Polo que sabemos, tal estudo non se fixo nunca.

13 *Memoria da Segredaría de Relacións Internacionais*, 2 pp mecanografiadas. FP-FVP. Por certo, que a carencia de medios impedirá tamén en 1935 a presenza galeguista no Congreso.

14 “Socialismo e cooperativismo en Inglaterra”, *A Nosa Terra*, nº 368, 1-VI-1935, p. 1.

turas da coalición un número de postos acorde coa su forza electoral probada. A cambio obtivo o compromiso de que, en caso de vitoria, o novo goberno desbloquearía o proceso autonómico convocando sen dilacións o referendo pendente. O bloque de esquerdas gañou en toda España as eleccións de febreiro. En Galicia o seu triunfo foi moi axustado, pero o nacionalismo galego recuperou os seus deputados: Alfonso Castelao, Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo, aos que cómpre engadirmos Antón Alonso Ríos, que se presentaba como agrario.

Plácido Castro participou moi activamente na campaña, como faría tamén en xuño na do referendo. Tamén impugnou en nome do Partido Galeguista os resultados do distrito de Arzúa, polo evidente puheirazo que houbera a favor das dereitas e denunciou que os interventores do Fronte Popular mesmo foran encarcerados o día da votación para impedirilles actuar. O seu protagonismo público como dirixente do PG ascendeu un chanzo en abril co gallo da renovación da presidencia da República. Este posto cubríase por elección indirecta. Primeiro elixíase por votación popular un colexio de compromisarios e despois este designaba ao presidente entre os candidatos. En todas as provincias, menos en Lugo, o Fronte Popular presentou listas cos mesmos coaligados que en febreiro e arrasou. Nelas figuraban os nacionalistas Plácido R. Castro e Ricardo Carballo Calero pola Coruña, Enrique Peinador e Xerardo Álvarez Gallego por Pontevedra, e Alexandre Bóveda por Ourense. Todos eles foron elixidos. E todos eles puideron contribuír ao acceso do seu admirado Manuel Azaña á xefatura do Estado.

Volvendo á autonomía, desta vez cumpríuse o compromiso e o goberno convocou o referendo para o 28 de xuño. Todos os coaligados colaboraron na propaganda polo si, aínda que os maiores esforzos e entusiasmo corresponderon, como era lóxico, aos nacionalistas. Os resultados foron os seguintes:

Censo de electores	1.343.135
Votantes 74,5%	1.000.963
Votos afirmativos Sobre votantes 99,2%/ Sobre censo 74%	993.351
Votos negativos	6.161
En branco	1.451
Quórum necesario	895.423
Exceso	97.927

Pero xa se sabe que as alegrías adoitan durar pouco na casa do pobre. Non pasaran tres semanas, e xusto cando unha numerosa delegación de deputados e persoeiros galegos estaba en Madrid para entregar oficialmente ás Cortes o Estatuto recen aprobado polo pobo, o Exército de África alzábase contra a República e iniciaba un dos períodos máis negros e máis longos da historia de España e de Galicia. Adeus á democracia. Adeus á autonomía. Aquela reacción que Plácido Castro sinalara tres anos antes como inimigo principal acabaría gañando a partida para manterse no poder case catro décadas. En comparación con moitos dos seus compañeiros, Plácido Castro tivo sorte. Non foi executado nin encarcerado senón "só" condenado a desterro e inhabilitación. Logo duns anos de estaba en Coruxo e Vigo, acabou exiliándose primeiro en Portugal e despois en Londres para poder vivir en liberdade e gañarse dignamente a vida. Volvería en 1960 a unha Galicia moi lonxe aínda de recuperar a autonomía gañada en 1936, algo que Plácido Castro non chegaría a ver.

ANEXOS

'Enseñanzas irlandesas. El centralismo desmoralizador'. El Pueblo Gallego, sábado, 7 de novembro de 1931. Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

A campaña que se realiza contra a autonomía de Galicia ten algo do carácter mesquiño da murmuración. Non se emprega o argumento aceptable, e mesmo nobre, do sentimento español. Non se discuten ou censuran artigos concretos do Estatuto, nin se combate con razóns o principio autonómico. Polo contrario, discútese minucias, aspectos secundarios, perdendo de vista a autonomía e o recoñecemento da súa personalidade.

Acabo de ler nun xornal publicado en Galicia un artigo que revela esta mentalidade dos adversarios da autonomía. Nel aconséllase ós nacionalistas galegos que estuden o exemplo de 'tristes ensinanzas' que lles ofrece o Estado Libre de Irlanda, o cal despois de loitar pola súa independencia vaise oprimindo por un lei de Seguridade Pública que anula algúns dos dereitos democráticos dos cidadáns. O cal indica, segundo o articulista, que o Estado Irlandés pode ser libre pero que o pobo é escravo, e que Irlanda resultou prexudicada polo feito de conseguila súa independencia...

Non acerto a ver moi claramente a relación que todo isto poida ter co Estatuto, pero como o obxecto do artigo é combatala nosa autonomía interésame demostrar que tal interpretación dos feitos é inexacta e que o caso de Irlanda ten un carácter especial que explica a situación do país nos momentos actuais.

Irlanda conseguiu a súa liberdade despois dunha loita sen igual na historia. Virtualmente sostivo contra Inglaterra unha guerra que durou sete séculos. Setecentos anos de batallas, rebelións, traicións, asasinatos, incendios, boicots... Desde 1916 ata 1921 a loita foi máis activa, máis san-

guenta, os odios terribles e implacables. A xuventude irlandesa formou guerrillas e exércitos. O pistoleiro foi durante eses anos o heroe e o árbitro de Irlanda. Como consecuencia de todo isto o Goberno atopou en 1921 un país desmoralizado, anarquizado, e conste que a culpa non corresponde a Irlanda senón ó país que a oprimiu. Pero a situación moral do país agravouse aínda máis. De Valera e os seus partidarios sostiveron a guerra civil ata 1923 e tardaron varios anos en recoñecer ó Goberno e participar no labor parlamentario. Houbo novas batallas e incendios, asasinatos de políticos e fusilamentos de antigos compañeiros. E unha minoría irredutible de republicanos separatistas, o 'Exército Republicano Irlandés', mantívose en rebeldía, negouse a recoñecer-la existencia do Estado Libre, seguiu realizando exercicios militares para o que dispuña de considerables depósitos de municións que sobrarian da guerra contra Inglaterra.

Agora, ó adquirir nova virulencia a campaña terrorista, ó rexistrarse de novo asasinatos de policía e de testemuñas que declararan as causas seguidas por posesión de armas ou por exercicios militares ilegais, decidiu o Goberno solicitar do Parlamento os poderes excepcionais que lle concede a nova lei, poderes concedidos pola Cámara e que ela pode revogar co obxecto de defender ás institucións e ó Estado mesmo das ameazas dunha conspiración terrorista. Isto é algo completamente distinto dunha ditadura. É precisamente o procedemento que seguiu o Goberno da República española, sen que por esa razón se atreva ninguén a afirmar que España non mereza ser independente. O presidente Cosgrave logrou que o Parlamento irlandés votase a citada lei e de non conseguilo estaba disposto a disolver-la Cámara e a someterse á vontade do pobo.

¿Pódense cualificar de ditatoriais semellantes procedementos? ¿É sorprendente que unha nación, despois de sete séculos de guerra civil e de anarquía, non conseguira a pacificación absoluta en dez anos de independencia? Só descoñecendo a historia de Irlanda, ou terxiversando a realidade, pódense interpretar estes feitos nun sentido contrario ó nacionalismo. As grandes nacións tiveron que apelar con tanta frecuencia como as pequenas a leis especiais para a protección do Estado. A forma en que Irlanda fai fronte a este problema -moito máis aceptable que a adoptada por Primo de Rivera ou por Mussolini- revela precisamente a capacidade do Estado

Libre para resolve-las crises máis graves, capacidade que xa demostrara plenamente o Goberno irlandés cun labor tan admirable que Irlanda goza hoxe dunha prosperidade que lle envexa a propia Inglaterra e que xamais alcanzou mentres estivo sometida a un Goberno estranxeiro. Aínda que se derrubase totalmente a economía inglesa, Irlanda podería sobrevivir grazas á súa independencia. E esta si que é unha ensinanza valiosa para Galicia nos actuais momentos.

Se realmente imos os galegos aprender as ensinanzas da historia irlandesa, fixémonos nas seguintes. Observemos en primeiro lugar que os ideais nacionalistas teñen unha forza tal que sempre acaban por triunfar, aínda que a loita sexa dolorosa e longa. E notemos logo que a influencia dun Goberno estraño é tan nefasta, tan desmoralizadora, que unha nación, aínda despois de lograla súa independencia, tarda moitos anos en reconquistala tranquilidade, en refacela súa cultura e a súa vida propia, en librarse das consecuencias do sometemento ou da rebeldía contra a opresión.

En Irlanda a dominación inglesa produciu o espírito anárquico que aínda non puido ser eliminado totalmente do país. En Galicia o centralismo causou estragos tal vez máis fondos e difíciles de remediar. Aínda que pareza un paradoxo, a mesma oposición ó Estatuto, o seu carácter mesquino, a mentalidade de escravos voluntarios que se revela en quen combate a autonomía, é unha proba máis do lamentable estado ó que chegou Galicia baixo o réxime unitario. O feito de que algúns dos seus propios fillos neguen a Galicia a posibilidade de ser libre, circunstancia de que chegasen a un grao tal de indiferenza que non sintan xa a máis mínima emoción galega porque se trata de indiferenza, non de patriotismo español, constitúe a máis rotunda condenación do centralismo que é posible imaxinar. E eu, persoalmente, prefiro o entusiasmo apaixonado dos rebeldes irlandeses á indiferenza murmuradora dos galegos desgaleguizados.

'Urgencia de la Autonomía'. El Pueblo Gallego, domingo, 15 de maio de 1932.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

A loita pola autonomía de Galicia entrou nunha nova fase. Non se trata xa da aspiración sentimental duns cantos idealistas senón dunha urxente necesidade material da nosa terra. Necesaria, neste sentido, foino sempre, e así o estimamos os que a defendemos en tempos pasados por razóns tanto prácticas como sentimentais, pero non debemos despreza-lo reforzo de aqueles que acoden agora ás filas autonomistas, impulsados por razóns prácticas, ó comprende-la triste situación en que quedaría unha Galicia sometida ó Poder central, dentro dunha nación na cal gozarían de autonomía rexións como Vasconia e Cataluña.

Non pode esaxerarse, neste aspecto, a gravidade do momento actual, nin se pode insistir demasiado sobre a necesidade de esquece-las diferenzas partidistas e as liortas localistas. Nos editoriais deste xornal escribiuse repetidamente sobre o asunto. Pero trátase de algo tan transcendental que é preciso insistir sobre el.

Vasconia e Cataluña autónomas defenderán, e a isto teñen perfecto dereito, os seus intereses económicos peculiares. A Autonomía beneficiaralles, facéndoas máis prosperas e eficientes, no terreo espiritual como no económico. No Parlamento actuaron os seus deputados cunha unión case absoluta ó defende-las súas conveniencias rexionais, calquera que sexan as diverxencias que os separen dentro das súas respectivas rexións. Entre os representantes parlamentarios do resto de España, que serán os que na práctica gobernarán toda a España non autónoma, dominarán aínda máis que agora os deputados casteláns e madrileños. Teremos pois fronte a Galicia, con intereses contrarios ós nosos, dúas fortes rexións autónomas e unha confederación central, animada polo espírito imperialista que revela a actual campaña contra o Estatuto catalán especie de novo 'upetismo' castelán, dirixido polos máis diversos caudillos: Unamuno, Emiliano Iglesias, 'agrarios' e ocultadores de trigo, cavernícolas, 'albiñanistas' e intelectuais madrileños. Xentes que empregan nas súas campañas unha fraseoloxía que nos recorda ós mellores tempos

de Primo de Rivera, e que se acollen a unha serie de conceptos combinados e ocios que nos demostran que son eles, e non os autonomistas, os verdadeiros nacionalistas reaccionarios. Ese é o espírito do centralismo, que será máis forte que nunca dentro da infortunada España que quede baixo o seu imperio. E dentro dese residuo de España, Galicia será, como sempre, a sacrificada. Non padecerá Valencia, que se aliará a Cataluña, nin Andalucía que saberá ameazar e asustar ó Goberno, senón Galicia indefensa. Outras rexións como Aragón e Andalucía xa empezan a pensar na conveniencia da Autonomía, aínda sen sentir o nacionalismo. Pero Galicia estará indefensa porque os seus representantes en Cortes, pertencentes a diversos partidos nacionais, alleos a Galicia, non saberán unirse para defendela e expresar con unanimidade o criterio da nosa terra, como non souberon facelo ata agora.

E este momento, transcendental na existencia de Galicia, é o que escollen os dirixentes dun partido que se chamou autónomo, e que foi con este carácter á loita electoral, para tratar de alianzas con partidos nacionais, correndo o risco de verse despois complicados no xogo político nacional, con prexuízo para os intereses que prometeran defender. Terían que calar cando un ministro agravie a Galicia, votarán, como xa o fixeron algúns, contra a desgravación da pequena propiedade rural, obedecendo as ordes dos seus xefes.

Se ós galeguistas nos move un novo interese partidista aledariámonos da decadencia e das equivocacións doutros partidos galegos. Pero os que pertencemos a un partido que só existe para logra-la liberdade de Galicia, temos que lamenta-los erros dos nosos adversarios cando supoñen a debilitación da unidade galega, hoxe máis urxente e necesaria que nunca.

'Falta de oportunidade'. El Pueblo Gallego, sábado, 4 de xuño de 1932.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Hai unhas semanas, ó comentar eu nestas columnas o programa do Partido Republicano Galego, dicía que este tiña que demostra-la súa adhesión sincera á causa galega con feitos concretos, xa que por ter representación no Goberno non podía limitarse a expresar aspiracións autonomistas como se estivese na oposición. Desde a súa formación, o P.R.G. non deu ningunha mostra do seu autonomismo. E, o que aínda é máis lamentable, cando algúns dos seus líderes tiveron que opinar recentemente acerca da conveniencia de celebrar en Santiago a proxectada Asemblea de Concellos para inicia-lo plebiscito galego, estes destacados xefes do partido declararon que o momento actual para emprender semellante labor non era o mellor.

¿Será inoportuno o momento para o P.R.G.? ¿Temerán os seus xefes que o partido resulte menos eficaz do que parece no momento de actuar? ¿Ou será que consideran inoportuna a autonomía agora que son gobernamentais, porque o centralismo segue beneficiando, coma antes, ós que teñen contacto cos Ministerios madrileños?

Se non se trata de razóns como estas, a verdadeira falta de oportunidade foi a do deputado provincial, representante do P.R.G. 'autónomo e autonomista', que se opuxo á celebración da Asemblea. Porque cando el afirmaba que o Estatuto de Cataluña' estaba por riba da Constitución do Estado' desempeñando na súa esfera o papel de Sánchez Roman galego— o xefe do Goberno pronunciaba na Cámara o magnífico discurso, que todos coñecemos, e que supón a máis cordial comprensión do punto de vista catalán. E o recoñecemento da xustiza das reivindicacións de Cataluña. Supoñemos que o citado xestor terá noticia da efusiva felicitación que o señor Azaña recibiu do ministro da Gobernación e agardamos que o fervor autonomista vaia descendendo por tódolos chanzos da xerarquía política ata chegar a axitar o espírito dos deputados provinciais pertencentes ó Partido Republicano Galego. Se non sucede así vai ser máis práctico afiliarse a Acción Republicana, defensora de tódalas autonomías rexionais...

Inoportuna resulta igualmente a intervención que motiva estes comentarios se lembramos que é absolutamente evidente que xamais houbo en Galicia momento máis favorable para conseguir a autonomía, por unha serie de razóns que viñeron expoñéndose reiteradamente nas páxinas deste xornal. Tampouco volverá haber outro momento na política nacional como o actual, no que as cuestións autonomistas apaixonan e interesan a toda a opinión pública española. E non se esqueza que se ben a Constitución concede a autonomía ás rexións, estas han de solicitala das Cortes Constituíntes (que teñen unha duración que ninguén pode garantir) e non dun Parlamento ordinario.

O aludido deputado incorre nunha sorprendente contradición cando afirma, por unha banda, que 'Galicia se pronunciou pola autonomía', para dicir despois que 'para pedila non se necesita Asemblea'. Declarar semellante cousa é demostrar un descoñecemento absoluto do que estipula a Constitución, que require precisamente o asentimento dos Concellos da rexión. Non se explica esta ignorancia nun defensor tan decidido da Constitución...

O mesmo deputado provincial expuxo a opinión de que a convocatoria da Asemblea de Santiago significará que 'quedan desautorizadas as Deputacións de Galicia', ¿pero é que nesta cuestión poden estar máis desautorizadas que na actualidade? Pasaron oito meses desde que os parlamentarios entregaron un Estatuto ás Deputacións provinciais sen que se soubese unha palabra das intencións destas Corporacións, nin se levase a cabo a 'difusión' e 'propaganda', mencionadas polo presidente da Deputación coruñesa. O señor Somoza declarou que aínda non recibira contestación das outras Deputacións acerca da Asemblea de Santiago. Está no mesmo caso que Galicia, que non recibiu ningunha resposta durante os últimos oito meses respecto ó seu Estatuto.

Os parlamentarios comprenderían xa o lamentable erro que cometeron ó entrega-lo Estatuto ás Comisións xestoras. Tal como están constituídas, estas non representan a ninguén. Están completamente sometidas á vontade dos gobernadores e polo tanto do ministerio da Gobernación—

que poden formar cos centos de concelleiros de cada provincia dúcias de comisións distintas, ningunha delas asentada sobre unha base democrática. Estes organismos administrativos, faltos de significación popular e que non deberían ter tampouco significación política, fracasados no que se refire á autonomía, non teñen xa papel que desempeñar na campaña pro-estatuto. O lamentable é que non se dean de conta do seu fracaso, que aínda se atrevan a opinar sobre a materia. E que tampouco queiran decatarse de que se outros recolleron a bandeira da autonomía, cumprindo un precepto constitucional, quen se opoña ó éxito do seu labor son, de feito, inimigos da autonomía de Galicia.

'Porvenir del galleguismo'. El Pueblo Gallego, martes, 15 de novembro de 1932.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Pódese afirmar, con toda seguridade, que non existiu ningún partido en Galicia que se vise tan constantemente combatido desde os máis diversos puntos de vista, como o galeguista, a pesar de que non participou xamais na Gobernación do país. Os ataques que contra o citado partido se dirixen deben producir no ánimo dos galeguistas unha grande satisfacción, xa que como non pode xurdir dun temor ó noso actual poder político nin de resentimentos respecto á nosa actuación pasada, veñen sendo un recoñecemento da potencialidade e da forza íntima do ideal galeguista.

Agora que parece próxima a Autonomía de Galicia, triunfo parcial do galleguismo, é interesante observar que contra o Partido Galeguista se lanzan dúas insinuacións que se contradín entre si. Porque mentres uns pretenden que ó galleguismo lle chegará coa Autonomía a hora da vitoria e que seguindo precedentes ben próximos, esa vitoria traduciríase na implantación dun novo caciquismo, outros aseguran que a autonomía suporía a morte do Partido Galeguista, ó verse realizado o punto fundamental do seu programa, posto que outros partidos máis fortes apropiáranse do éxito e apoderáranse do Poder rexional galego.

Á primeira acusación case non vale a pena contestar. O galeguismo non tivo xamais o menor contacto co caciquismo; e aínda nas súas manifestacións literarias e artísticas foi sempre inimigo inescusable dos caciques. Ó debe-la súa existencia a un profundo amor a Galicia ten necesariamente que enfrontarse coa maior praga que existe na nosa terra. E, en último termo, todos sabemos que non vai vir o Poder ás mans do Partido Galeguista, porque se ben é certo que a el, e ós grupos que o precederon, débese o pulo autonómico e o mantemento do ideal da liberdade galega, tamén é verdade que a obra de face-lo Estatuto será un labor conxunto de tódolos partidos. Non representará unha vitoria do Partido Galeguista sobre os demais nin vai destruír de súpeto os caciquismos xa establecidos.

¿Quere isto dicir que o Partido Galeguista non vai ter misión que cumprir nunha Galicia Autónoma? De ningunha maneira. A Autonomía suporá para o galeguismo a iniciación dunha etapa aínda máis activa cá actual. Nestes momentos ten que supedita-la súa actuación á necesidade de conseguilo Estatuto, pero o díade mañá, partido de oposición dentro do Parlamento galego, poderá desenvolver libremente toda a súa actividade política. E esta afirmación de que sería un partido de oposición merece unhas breves observacións. Que o diga eu non ten ningunha importancia, pero que o declaren constantemente os propagandistas do partido si a ten. Porque demostra que o noso espírito é diametralmente oposto á mentalidade caciquil. Sómo-lo bastante sinceros para non prometer ós que nos escoitan un sinxelo e completo triunfo e ós que nos sigan o réxime do favoritismo que gozan os vencedores. Non prometémo-la vitoria ós que se adhiran a nós. Ofrecémoslles unicamente un posto na loita que será longa e que proseguirá unha vez conseguida a Autonomía. Porque, como en todas partes afirmamos, é para nós un medio, non un fin, en primeiro lugar porque non vai ser o que nós quixeramos.

Despois virá o labor formidable de combatalo caciquismo, que non vai desaparecer de súpeto, pero que será moito máis vulnerable unha vez que perda algúns dos resortes que lle proporciona o centralismo, e que sexa unha cousa próxima e visible en todo momento. Misión do galeguismo será vixiar e fiscalizar, desde a súa posición independente, os actos e as disposicións do Poder

rexional, orienta-lo labor legislativo coa autoridade e os coñecementos que lle proporciona o seu contacto íntimo e constante cos problemas de Galicia. Tarefa súa será a galeguización de Galicia é dicir, a volta da nosa terra ás súas realidades en tódolos aspectos, culturais, espirituais e económicos; galeguización que a Autonomía facilitará pero non imporá dun golpe, e que se reflicte no amplo programa do partido. E non será a menor das preocupacións do galeguismo a democratización auténtica da nosa vida política, tan descoidada polos demais, que non consiste na promulgación de leis democráticas, senón no constante contacto coa opinión e o afán de estimular á cidadanía. A sinceridade do Partido Galeguista neste aspecto queda ben confirmada coa proba que dan os cento setenta mitins celebrados durante o último ano, número que será seguramente superior ó dos comicios organizados por tódolos demais partidos xuntos.

Agora ben, se o que se quere dicir é que o Partido Galeguista non ten ningún porvir como partido nacional, estaríamos de completo acordo coa afirmación. Iso non é un perigo que nos ameaza senón un propósito e un desexo que nós mesmos temos. E vai ser precisamente o que dará en Galicia máis autoridade e máis forza ó Partido Galeguista esta circunstancia de acharse completamente desligado da política nacional, cunhas complicacións que, con Autonomía ou sen ela, perturbarán constantemente a vida interna de Galicia e entorpecerán o labor que en defensa dos nosos intereses queiran realiza-los partidos que estean limitados na súa actuación polos compromisos e as conveniencias da política nacional. A conduta de diversos partidos nas actuais Cortes revélaos claramente.

Creo que basta co dito para demostrar que a vida do Partido Galeguista non vai remata-lo día en que Galicia sexa autónoma. Pero hai algo máis. E é que ser 'galeguista' é algo moi distinto de ser 'autonomista'. Non faltarán ocasións futuras de facer resalta-la diferenza.

'Autonomía y democracia'. El Pueblo Gallego, sábado 8 de abril de 1933.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Unha nación máis caeu baixo o xugo da ditadura. Trátase dun dos países de maior extensión e número de habitantes do noso continente. Só dúas grandes nacións europeas, Inglaterra e Francia, seguen gozando dun réxime democrático e parlamentario. Non negaremos que tamén existen pequenas nacións sometidas a diversas clases de ditaduras, pero trátase case sempre de pobos atrasados, cultural e politicamente, o cal non se pode dicir, por exemplo, de Alemaña. Porque as democracias das pequenas nacións cultas -abonda sinalar a Suecia, Noruega, Romanía, Holanda, Suíza, Bélxica, Checoslovaquia, Irlanda- mantéñense intactas, coma un oasis de civilización entre a nova barbarie que asola a Europa. Con excepcións explicables o réxime democrático demostrou posuír maior solidez nas pequenas que nas grandes nacións, tal vez porque as ditaduras atopan un campo máis propicio nos países poderosos, con ambicións imperialistas e militaristas, onde o patriotismo, auxiliar indispensable do absolutismo, ten moitas máis probabilidades de existir ca na pequena patria. E quizais porque a complexidade da vida política e económica de hoxe impón un límite á extensión de territorio e ó número de cidadáns que poden constituír unha unidade nacional democraticamente rexida.

Sexan estas ou outras as causas deben fixarse nestes feitos aqueles que se brasonan de esquerdistas e pretenden ver un fenómeno reaccionario no rexurdimento das pequenas nacionalidades. E han de notar tamén que a única oposición sería que o fascismo encontrou en Alemaña ven dos Estados autónomos do Sur, especialmente Baviera, que fixo o posible por defende-las liberdades democráticas e só se renden ante a ameaza da forza superior de Prusia. Baviera, autónoma pero non independente, padece como toda Alemaña o absolutismo hitleriano. Unha Baviera libre seguiría seguramente vivindo baixo un réxime parlamentario. Moi distinta sería entón a actual situación europea. Este contraste europeo entre grandes e pequenas nacións corresponde a unha situación comparable, se ben non semellante, dentro do territorio español. O noso goberno prefire non celebrar actualmente unhas eleccións municipais en todo o país e

limita a consulta electoral ás aldeas nas cales os concelleiros foron elixidos polo artigo 29. Non importa saber se tal actitude obedece a móbiles de conveniencia partidista, ou antes a unha elemental prudencia que aconsella a conveniencia de non perturbar ó país cunha axitada controversia pública que puidera ter consecuencias perigosas. O caso é que os nosos gobernantes sen ningunha dúbida sinceros demócratas despois de preto de dous anos de réxime republicano e parlamentario, prefiren limitar todo o posible a área da contenda electoral.

Mais non sucede o mesmo en Cataluña. Exceptuada da convocatoria de eleccións grazas ó seu réxime autonómico, Cataluña, que podería imita-lo exemplo de España, dispónse, segundo vemos na Prensa, a renovar totalmente os seus Concellos. Os partidos de esquerda que rexen os seus destinos nin teñen medo ó triunfo dos seus adversarios nin cren que as eleccións poidan provocar graves perturbacións da orde pública. Desexan renovar os Concellos precisamente porque opinan que os que agora se elixan serán máis esquerdistas que os actuais. Desta forma, Cataluña prosegue o camiño da súa vida democrática normal e dispónse a celebrar, despois do plebiscito e das eleccións da Generalitat, o terceiro dos grandes actos cívicos da súa vida autónoma...

Brindamos este contraste entre o Goberno central de España e o Goberno autónomo de Cataluña a aqueles esquerdistas galegos que combaten a nosa autonomía. Galicia, se os galegos quixesen, podería estar dando agora a España enteira o mesmo exemplo de civismo e democracia que Cataluña lle ofrece.

'Un referéndum y unas elecciones'. El Pueblo Gallego, sábado 29 de abril de 1933.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Celebrouse hai unhas semanas un referendo cun carácter e uns resultados que merecen a atención de cantos se interesan polas cuestións autonomistas. Os habitantes da Australia Occidental acaban de votar a favor da separación do seu país da Federación Australiana por un número de sufraxios que duplica o emitido en pro da continuación da actual situación.

A Australia Occidental extenso territorio habitado tan só por medio millón de persoas goza xa da dobre autonomía que supón o seu carácter de estado compoñente do Dominio Australiano, que é á súa vez virtualmente independente dentro do Imperio Británico. E sen embargo os seus electores creron conveniente decidirse pola independencia, e separarse da Federación Australiana, na cal ingresaron voluntariamente, e dispóñense a converte-lo seu país en novo Dominio, afiliado á Comunidade de Nacións Británicas.

Non existe conflito de raza, de ideais, de idioma ou de cultura. Tan só razóns de orde material orixinan este novo movemento separatista. Os habitantes da Australia Occidental quéixanse do abandono en que vive o seu país e da postergación constante dos seus intereses, debido á grande distancia que os separa da capital federal e á incompreensión do Goberno central fronte ós seus problemas peculiares. Os cinco membros que teñen entre os 76 que forman a Cámara de Representantes non logran facer prevalece-lo seu criterio. As conveniencias das grandes cidades inflúen decisivamente na política do Goberno central, existe unha incompatibilidade entre a súa economía agrícola e o industrialismo das rexións australianas que exercen unha influencia predominante na vida política da nación, influencia que utilizaron para establecer un arancel prexudicial para o benestar da Australia Occidental. Os artigos manufacturados e as materias primas esenciais ara a agricultura alcanzan elevados prezos baixo a protección arancelaria, en tanto que os produtos agrícolas desamparados e desprovistos actualmente de mercados exteriores non obteñen un prezo remunerador...

Velai como un país sen ningún dos pulos sentimentais que adoitan inspira-los movementos nacionalistas, vese obrigado a reclamar, non a autonomía senón a independencia por razóns puramente prácticas. Galicia podería subscribir integramente o memorial de agravios dos separatistas australianos, engadíndolle moitas razóns máis no terreo material. Posúe ademais, para defende-lo seu dereito á liberdade, argumentos decisivos na orde espiritual, racial, cultural e xeográfica ademais do recordo de múltiples inxustizas seculares. E, sen embargo, é probable que os habitantes de Australia Occidental sexan libres antes cos galegos. Pero este exemplo ha de te-la virtude de fortalece-la fe de cantos desexan a autonomía de Galicia porque serve para demostrárno-la inevitabilidade do desenvolvemento e do triunfo dos principios autonomistas, mesmo cando se presentan nun lugar tan pouco propicio, tan inesperado, como Australia, e cando se fundan exclusivamente sobre razóns materiais. Moito maior ha de se-la forza do nacionalismo, e igualmente segura será a súa vitoria final, a pesar de tódalas traizóns e pequenas miserias da nosa política, cando como no caso de Galicia, xorde dun fondo pulo espiritual ademais de ter ó seu favor tódalas razóns prácticas imaxinables.

Debe facerse constar que o triunfo dos separatistas australianos coincidiu cunha vitoria decisiva dos socialistas nas eleccións xerais que se celebraron ó mesmo tempo que o referendo. E non deixa de ter certa relación con esta cuestión en canto á autonomía de Galicia se refire a limitada consulta ó corpo electoral que acaba de ter lugar en España. Non hai que concederlle unha excesiva importancia ás etiquetas políticas, nin se pode saber se as eleccións foron realmente democráticas ou non o foron máis que en teoría. Pero son a única realidade política, a única medida das tendencias actuais da opinión española e os seus resultados nos revelan que nunha provincia netamente española, Burgos, os partidos dereitistas e republicanos moderados (entre os que se inclúe ós radicais) conseguiron 623 postos fronte a 104 dos partidos de esquerda. Nunha provincia galega, Pontevedra, as cifras correspondentes foron 35 contra 84...

Nin en Australia nin en España resulta se-lo centralismo unha garantía de esquerdismo, nin existe a afinidade, que algúns pretenden, entre o nacionalismo e a reacción. Os que sinalaron

o perigo de que unha Galicia autónoma fose reaccionaria deben recoñecer, se son homes de boa fe, que a continuación do réxime centralista, lonxe de ser unha garantía de democracia e de fidelidade ás liberdades constitucionais, entraña o risco, tal vez non moi afastado, de que unha Galicia que non demostrou a menor tendencia dereitista se vexa subordinada enteiramente a un Parlamento no cal predominen deputados reaccionarios elixidos por provincias como Burgos, típico baluarte da tradicional España unitaria. Os resultados electorais proban que España é moito menos esquerdista que Galicia. Se non hai autonomía a política española dominará por completo á galega.

Han de darse de conta os galegos que sexan sinceramente demócratas da responsabilidade que contraen se non colaboran con entusiasmo no labor autonomista, e se pola súa indiferenza condenan a Galicia a atoparse, algún día, indefensa, sometida ós ditados dunhas Cortes españolas reaccionarias.

'La conveniencia de celebrar el plebiscito'. El Pueblo Gallego, sábado 6 de maio de 1933. Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Un aspirante a polemista, que despois de demostrarse partidario da autonomía na Asemblea de Santiago, pretende agora erixirse en líder da campaña contra o Estatuto, pregunta nun artigo publicado nun xornal rexional qué razóns pode haber para que se celebre o plebiscito. Segundo el, non pode vir o Estatuto máis que de dúas maneiras: ou por un fraude electoral, acto do que estima incapaz ó señor Casares, ou polo entusiasmo unánime de Galicia, que ó seu xuízo non existe porque só queren a autonomía uns cantos que ven no Estatuto 'rico campo de colocación política'. E di como en Galicia nunca chegan a vota-las dúas terceiras partes do Censo, a única utilidade do plebiscito sería a de permitir, despois do fracaso da votación, que o P.R.G. suprimise do seu programa a aspiración autonomista.

Non merece recollerse a alusión que faia quen fai a quen veu dedicando desinteresadamente toda a súa vida á causa da liberdade de Galicia, porque ata para inxuriar é preciso ter certo prestixio, e non o pode ter quen non vacilou en poñerse ás ordes do máis desprestixiado personaxe que actúa na política española, subordinando os intereses máis vitais de Galicia ás conveniencias políticas dun partido. Pero ós seus restantes razoamentos débese contestar coa máis completa claridade.

Os motivos do P.R.G. e do seu representante no Goberno, ó convocar a un plebiscito ou deixar de facelo, non temos por que investigalos aqueles que non pertencemos a ese partido, e que ademais non vemos a política galega como unha loita polo poder entre dous bandos opostos, senón, nestes momentos, como un medio para logra-la autonomía de Galicia. Soamente debemos declarar, os que somos galeguistas, cáI será a nosa actitude en cada caso, e non creo que sexa unha indiscreción dicir que posición é probable que o Partido Galeguista adopte dentro de poucos días respecto a esta cuestión.

Se o decreto non se publica é evidente que o Partido Galeguista, despois do amplo prazo transcorrido desde a Asemblea de Santiago, verase obrigado a desligarse de toda xestión relacionada co Estatuto, e iniciará unha activa campaña contra quen por negligencia ou por deslealdade sexan culpables de que Galicia non obteña a autonomía. Como nacionalistas non estamos subordinados politicamente ás disposicións constitucionais que afectan ás autonomías e deben ser os partidos autonomistas os encargados de entenderse co Goberno de España. Só poderemos face-lo ofrecemento de que, se algún día se inicia unha campaña plebiscitaria que teña como base un Estatuto non menos amplo que o aprobado en Santiago, achegaremos para o seu éxito cantos medios estean ó noso alcance, reservando, sen embargo, a nosa absoluta independencia dos demais partidos na propaganda que se leve a cabo.

Se o decreto sae, e se axusta ás normas indicadas polo Comité central Pro Estatuto, os galeguistas estarán dispostos a colaborar con todo entusiasmo na campaña plebiscitaria sempre que o

citado Comité indique, dentro dun prazo razoable despois da publicación do decreto, por exemplo un mes, cál ha de se-la data en que se celebrará o plebiscito, e deixe para a propaganda un espazo de tempo todo o extenso que se queira, pero sen que quede indeterminada unha vez máis a terminación da campaña.

¿Quere isto dicir que os galeguistas somos partidarios do fraude electoral? De ningunha maneira. É evidente que nos enchería de satisfacción o feito de que as dúas terceiras partes dos cidadáns galegos acudisen ás urnas para votar a favor da autonomía. Pero como somos demócratas non nos resignamos a contentarnos, como o fai o noso contrincante, co cómodo argumento de que se debe renunciar á consulta plebiscitaria porque en Galicia nunca votaron as dúas terceiras partes do censo. Compréndese que se coloquen en tal actitude os que desexan que perdure o centralismo, o caciquismo, a falta de cidadanía, posto que así saben que seguirán tendo, nunha Galicia submisa, un campo fértil para as súas ambicións, que non van máis aló da substitución dun caciquismo hostil polo propio caciquismo. Pero nós, que aspiramos tamén ó triunfo, aínda que por outros camiños, é dicir, cando a opinión pública se convenza de que témo-la razón non temémo-lo resultado do plebiscito aínda que a votación non alcance a cifra desexada. O fracaso será relativo e en todo caso cremos que non será o autonomismo o que sufra a derrota, senón o antiautonomismo, que obtería unha votación realmente ridícula.

¿Cal sería a situación de Galicia se o plebiscito fracasase, neste sentido, é dicir se non se conseguise a proporción de votos favorables que a Constitución esixe? Ó meu entender, moito máis satisfactoria que se se renuncia ó intento de conseguila autonomía. Vivimos baixo unha Constitución que é completamente antidemocrática en canto se relaciona coas liberdades rexionais posto que entrega os destinos dun país ós indiferentes, exactamente como o acaba de facer a ditadura portuguesa. Non respecta a vontade da maioría dos votantes. Pero se se obtén un resultado plebiscitario como nós confiamos que demostre que uns centos de miles de galegos reclaman a autonomía e só unhas decenas de miles non a desexan, estará Galicia, segundo tódalas normas democráticas, nunha posición extraordinariamente forte ante España e, o que é máis

importante, adquirirá unha nova conciencia de si mesma e unha confianza robustecida nos seus propios destinos. Os cidadáns de Galicia estarán xa adestrados no exercicio das súas funcións cívicas. O resultado suporía un triunfo moral para a causa autonomista e para cantos partidos, non só o galeguista, interveñan na campaña estatutista.

É verdade que, fracasado o plebiscito, Galicia tería que agardar cinco anos antes de realizar un novo intento. Pero tampouco é de supor que se agora non se chega a celebra-la consulta á opinión galega, esta teña lugar dentro dun prazo máis breve. E en todo caso aproveitaríase o labor realizado, quedarán legalizados os acordos da Asemblea de Concellos e constará a afirmación democrática da vontade autonomista de Galicia.

É interesante observar dúas circunstancias de actualidade relacionadas coa cuestión da autonomía. Vemos en primeiro lugar que os adversarios do Estatuto, ó mesmo tempo que afirman que o plebiscito fracasará, teñen gran empeño en evitar que se celebre. ¿Por que, se están tan seguros do fracaso do plebiscito, renuncian a esta magnífica ocasión de conseguirla derrota dos seus inimigos? E fixémonos tamén na alianza de elementos antiautonomistas –melquiadistas, dereitas e radicais ‘emilianistas’– nas recentes eleccións municipais. As consecuencias son evidentes e non deben deixar de telas en conta os partidos republicanos partidarios da autonomía. Todo isto significa que a autonomía de Galicia é hoxe unha causa esquerdista, que os inimigos do Estatuto séntense vencidos e que a campaña plebiscitaria sería o máis adecuado campo para dá-la batalla á reacción e aqueles elementos republicanos que se alían con ela para conseguí-los seus obxectivos mesquiños de triunfos políticos persoais. ¿Por que, entón, non fan todo o posible eses partidos políticos, republicanos, esquerdistas e autonomistas, para conseguir que o plebiscito se celebre axiña?

'Estatuto y nacionalismo'. El Pueblo Gallego, xoves 17 de agosto de 1933.

Tradución ó galego de Daniel Landesa Porras.

Aqueles inimigos da autonomía de Galicia que xa non se atreven a combatela abertamente pretenden agora crear un estado de opinión contrario ó Estatuto ó denuncialo como nacionalista. E teñen incluso o atrevemento de anunciar mitins autonomistas contra o Estatuto. Ata ese punto chegou a mala fe e a hipocrísía.

Pero dubidamos que esa táctica dea resultado. Os espíritos están o bastante espertos, a intelixencia media o suficientemente elevada, para que fracasen as propagandas políticas realizadas a base de frases explosivas e altisonantes. Os oíntes piden feitos concretos, datos convincentes e irrefutables. Cousa que xamais se ocuparon de presentarlles os adversarios do Estatuto. Non sei se porque saben que non din a verdade ou porque non se tomaron sequera o traballo de ler a Constitución nin o Estatuto.

De tódalas formas o certo é que unha comparación do Estatuto coa Carta fundamental da República demostra a absoluta constitucionalidade do primeiro; e que o Estatuto galego, se algún exceso contén, aínda ha de pasar polas Cortes españolas, en consecuencia, ou son nacionalistas galegas e catalás a Constitución e as Cortes ou non acertamos a comprender cómo pode selo o Estatuto galego.

Pero existe unha proba aínda máis convincente. Cantos seguiron coa atención que deben prestarlle os que pretenden ter autoridade para intervir nestas cuestións os trámites da elaboración do Estatuto lembrarán que o Partido Galeguista presentou unha serie de emendas que foron retiradas para facilitar un acordo. Citemos tan só as máis importantes do Estatuto cos artigos correspondentes de Estatuto.

O Partido Galeguista desexaba que constase que 'A nación galega orgaezase autonomamente dentro da República Hespáñola con arrego ao presente Estatuto'. O cal quedou no artigo primeiro reducido a isto: 'Galicia se organiza como rexión autónoma en el Estado español con arrego a la Constitución de la República y al presente Estatuto'.

Os galeguistas desexaban que se dixese: 'O galego será considerado como idioma oficial de Galicia sin perxucio do que con respecto ao emprego do castelán despoña a Constitución da República', mentres que o artigo correspondente declara idiomas oficiais en Galicia o castelán e o galego.

Un voto particular do Partido reclamaba para Galicia tódalas atribucións que o Estado non se reserva. O estatuto non recolle nin sequera tódalas facultades que a Constitución concede.



Respecto ó ensino, pretendía o Partido Galeguista que Galicia o regulase libremente en tódolos seus graos, especialidades e clases, salvo o disposto na constitución. Desexaba así mesmo que o ensino se dese na lingua materna do neno, para aprende-lo segundo idioma máis tarde. Todo isto quedou reducido no Estatuto a que a rexión poida crear e rexer establecementos docentes pero sen entregarlle os do Estado, a que sexa obrigatorio o ensino das dúas linguas nas escolas primarias e a posibilita-la creación pola rexión de cátedras en Normais, Institutos e Universidades dedicadas ó estudo de cuestións galegas.

Ben clara está en cada caso e estes son aspectos quentes da cuestión a distancia que media entre o proposto polo Partido Galeguista e o que no Estatuto quedou estampado. Non se ve o nacionalismo por ningunha parte a non ser que se pretenda tachar de nacionalismo a indispensable adaptación do ensino ás realidades do pobo, ou á oficialidade concedida ó idioma galego. Quen se opoña a isto, coñecendo a vida da nosa terra non será xa tan só un antinacionalista senón inimigo da democracia. O que realmente sucede é que hai persoas que consideran nacionalista toda clase de autonomía por temperada que sexa. O cal é posible que sexa certo. Pero entón os

nosos adversarios deben ser sinceros e presentarse francamente co seu verdadeiro carácter de contrarios e centralistas.

E conste finalmente que as emendas citadas non son nacionalistas. O Partido Galeguista non actuou na Asemblea de Santiago dun xeito nacionalista, senón tendo en conta a letra da Constitución. Doutra forma non se preocuparía nin da Constitución nin das Cortes nin de ningún Estatuto concedido. O nacionalismo só pode afirma-la vontade dun pobo de ser libre, e a súa liberdade para organizarse como queira, sen ter en conta para nada leis ou disposicións que emanen dunha soberanía allea ó seu territorio, porque non pode recoñecer máis soberanía que a do pobo de Galicia.

Hai pois unha profunda diferenza entre o nacionalismo e a actitude do Partido Galeguista na Asemblea. E unha considerable distancia entre esa actitude reflectida nas súas emendas e a letra do Estatuto. Aparte de que non pode ser nacionalista a colaboración na creación dun Estatuto concedido polo Estado e non emanado da vontade galega. Quen afirme, polo tanto, que o Estatuto é nacionalista, ou non di a verdade ou non ten a máis remota idea do que é o Estatuto. E en calquera dos dous casos engana e descoñece á opinión galega en momentos que esixen claridade e sinceridade.



ESBOZO BIOGRÁFICO

Educado na Gran Bretaña, Plácido Castro (1902-1967) percorre unha viaxe vital desde o seu Corcubión de nacemento ata o Cambados da súa etapa derradeira. Este librepensador, dandi transterrado, dotado de múltiples cualidades dispersas (publicista, músico, escritor, erudito, político, tradutor, xornalista, astrónomo, profesor de inglés ...) tivo unha determinante actividade na vida política e cultural do seu tempo.

Alentou as Irmandades da Fala, nas que prendeu a Galicia do seu soño; militou no Partido Galeguista de Bóveda e Castelao, sendo Secretario de Relacións Internacionais, ao que representaría no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, no que Galicia, co seu discurso, obtén o aval de nación europea.

Plácido Castro é un dos Galegos na Historia, nesa Historia que se nos nega e na que homes e mulleres coma el aínda permanecen silenciados. A lingua galega, prohibida despois de 1939, escoitábase en Galicia ao sintonizar a emisora británica BBC; era a voz e a palabra de Plácido Castro que relataba a nosa cultura propia, no primeiro programa estable en idioma galego no mundo da radiodifusión.

(da biografía de Plácido Castro, Xulio Ríos, Ir Indo edicións, 1997).

8

**TEXTURAS
INTERNACIONAIS**

INSTITUTO
GALLEGO
DE ANÁLISIS
E DOCUMENTACIÓN
LINGÜÍSTICA
IGADI



Irlanda en Plácido Castro

Introducción de Xulio Ríos

4

**TEXTURAS
INTERNACIONAIS**

Xulio Ríos / Fernando Pérez-Barreiro Nolla
Álvaro Álvarez Blázquez / Daniel Landesa
David Reiner / Joao Conde Veiga
Luis Álvarez Pousa / Vicente Araguas
Valentin Arias / Silvia Gómez Saborido
Alfonso Álvarez Gándara

Plácido Castro no Centenario



<http://www.igadi.org/web/publicacions/>

A FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

Ten por obxecto a reivindicación da figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río, atendendo á conservación e divulgación do seu fondo compromiso con Galicia e cunha visión universalista do mundo. A Fundación adica especial atención á difusión da súa obra artística e literaria, especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalística.

Entre os fins fundacionais cómpre salientar:

- A promoción e realización de debates e reflexións sobre temas internacionais, procurando a apertura dos horizontes exteriores de Galicia e a súa universalización.
- Favorecer as traducións ó galego de textos e obras, en especial de lingua inglesa.
- Apoiar as políticas de formación de xornalistas especializados en Galicia en materia internacional.
- Fomentar os intercambios de Galicia co mundo británico e irlandés.
- Afondar nas posibilidades de apoio ó desenvolvemento do teatro e das artes plásticas en Galicia.
- Apoio á radiodifusión en lingua galega.
- Promover a edición de publicacións específicas arredor das actividades e preocupacións de Plácido Castro, así como a realización de actividades que contribúan a un maior coñecemento por parte da sociedade galega da súa obra e pensamento.

O Padroado da Fundación Plácido Castro está integrado polos Concellos de Cambados, Corcubión e Vilagarcía de Arousa, a Asociación de Tradutores Galegos e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. Preside a Fundación, Susi Castro Sineiro.

A Fundación Plácido Castro organiza e convoca un Premio de Tradución e cada 25 de xaneiro promove unha Conferencia Anual na súa memoria.



Fundación PLÁCIDO CASTRO

Sede oficial e Arquivo permanente

Pazo de Torrado, Rúa Príncipe, 10

36630 Cambados (Pontevedra)

Secretaría

Avda Joselín 7, P3 4ºB

36300 Baiona (Pontevedra)

Tel/Fax: 986 357 238

E-mail: info@igadi.org

<http://www.fundacionplacidocastro.com>



115
anos
de

25 DE XANEIRO
DE 1.902

**PLÁCIDO
R. CASTRO**

www.FundacionPlacidoCastro.com

#boexeneroso